

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA PARA A XESTIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

*O Presidente do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, **DECLARA:***

Que este *Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGalicia)* ten previsto formalizar co *Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL)* adscrito á *Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura (sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017), ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e o INGACAL na xestión e a posta a disposición dun amplo abano de recursos de información científica en liña, que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Para tal fin realízase unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico a través de BUGalicia que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual, como un só ente diante do editor, o que reforza a capacidade de negociación á hora de obter beneficios no trato e unha mellora orzamentaria nos acordos de adquisición de información electrónica.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que BUGalicia é unha entidade pública que, de acordo cos seus estatutos, concibiuse esencialmente para mellorar a calidade dos servizos das bibliotecas das universidades galegas a través da cooperación entre bibliotecas tendo como obxectivos, entre outros, o de crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais, e de adquirir recursos documentais a través de contratos de subministracións de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres Universidades, incrementando deste xeito a efectividade da investigación e da ensinanza ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles

Que o INGACAL é un ente de dereito público, adscrito á Consellaría do Medio Rural, creado no ano 2005, pola Lei 2/2005 do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega cuxo obxecto é a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.

Que o INGACAL, solicitou a súa incorporación como membro asociado de BUGalicia; o que foi aprobado na reunión do Consello de Goberno de data de 6 de maio de 2015.

Dado que a definición de membro asociado non leva consigo ser membros de pleno dereito, nin ter ningún poder de decisión dos órganos de goberno ou calquera outro do citado consorcio que non sexa a colaboración e cooperación anteriormente indicada; non leva aparellado por si mesmo ningún gasto nin contraprestación económica para ser membro asociado, debendo concretarse estes en virtude dos convenios de colaboración que se vaian realizando.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

**O PRESIDENTE DO
CONSORCIO DE BIBLIOTECAS
UNIVERSITARIAS DE GALICIA**

Asdo.: José Manuel García Vázquez